

## 2.- Obxecto do contrato.

## a) Tipo de contrato: Servizos.

b) Descrición do obxecto: Realización ao Concello de Lugo da xestión da organización do Cumio de Alcaldes, Alcaldesas e cidades sobre drogas: Europa, América Latina e o Caribe, en materia de: Servizos de información e atención ao participante, infraestruturas e medios, aloxamento, tradución e interpretación, manutención, programación cultural, páxina web, comunicacións e coordinación en xeral.

## 3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

## a) Tramitación: Urxente.

## b) Procedemento: Aberto.

## 4.- Tipo de licitación:

## a) Orzamento máximo do contrato:

O valor estimado do contrato ascende a 172.413,79 € polo que sumando o IVE de 16% (27.586,21 euros) resulta un presuposto total de 200.000 euros, IVE INCLUIDO.

## 5.- Adjudicación provisional:

## a) Data: 26-3-2010.

## b) Contratista: NOVA 21, S.L.

## c) Nacionalidade: Española.

## d) Orzamento máximo do contrato: 199.520,00 €.

## 6.- Adjudicación definitiva:

## a) Data: 21-04-2010.

## b) Contratista: NOVA 21, S.L.

## c) Nacionalidade: Española.

## d) Orzamento máximo do contrato: 199.520,00 €.

Lugo, 21 de abril de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nún 64/2007), Sonia Méndez García.

R. 02141

\_\_\_\_\_

Anuncio

Por Decreto nº 155/2010 do 23 de marzo, da tenente de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, aprobouse o proxecto técnico, o prego de cláusulas administrativas particulares, o gasto, a adjudicación por procedemento aberto e tramitación urxente, así como a apertura do procedemento de adjudicación para a realización das obras de "CONSTRUCCIÓN DE CAFETERÍA DENTRO DO PARQUE" INCLUIDAS NO PROXECTO "PROTECCIÓN, CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E RESTAURACIÓN INTEGRAL DO PARQUE HISTÓRICO ROSALÍA DE CASTRO. FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL.

Por medio deste anuncio dase a coñecer a licitación conforme ás seguintes características:

## 1.- Entidade adjudicadora.

## a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

## 2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: O obxecto do presente contrato é a realización das obras de "CONSTRUCCIÓN DE CAFETERÍA DENTRO DO PARQUE".

b) Prazo de execución: Os traballos obxecto deste contrato teñen un prazo de execución de SETE MESES, debendo, en todo caso, antes do 31 de decembro de 2010.

## 3.- Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

## a) Tramitación: Urxente.

## b) Procedemento: Aberto.

## 4.- Tipo de licitación.

## a) Orzamento máximo do contrato:

O valor estimado é de 607.904,31 €.

O importe correspondente ó IVE (16 %) ascende a 97.264,69 €.

O presuposto de execución por contrata é de 705.169,00 €.

## 5.- Garantías:

## a) Provisional: 18.237,12 €.

b) Definitiva: 5% do importe de adjudicación, excluído o IVE.

## 6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

## b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

## c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

d) Teléfonos: (982) 29-71-43, 29-71-45, 29-71-44, 29-73-01.

## e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: [www.lugo.es](http://www.lugo.es) (zona de servizos: Perfil do contratante).

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

## 7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados nos pregos de condicións.

b) Clasificación: Grupo C, subgrupo 9, categoría d).

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 13 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura no prego de cláusulas administrativas.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002.

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197, 3ª planta.

c) Localidade: Lugo.

d) Data: Ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliárase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recolle no prego de cláusulas administrativas.

11.- Gastos: 600 euros aproximadamente, que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 21 de abril de 2010.- O ALCALDE, P.D. A TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto Alcaldía nº 75/2007), Sonia Méndez García.

R. 02142

DECRETO NÚMERO 402/2010 DO LIBRO DE RESOLUCIÓN EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVICIO DA CORPORACIÓN DICTADAS POLO TENENTE DE ALCALDE DELEGADO DE ÁREA.

ILMO. SR. DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, tenente de Alcalde-delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade.

Lugo, vinte e tres de abril de dous mil dez.

Por Decreto número 338/2010 do Libro de resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, publicáronse no BOP do día 23 de abril de 2010 as bases e proceso selectivo para a contratación de persoal no marco do Plan de inserción laboral e emprego social do Concello de Lugo (PILES 2010).

Dado que se produciu un erro no parágrafo primeiro, onde se di: "Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de oficial maquinista fontaneiro, de acordo coas seguintes bases:", debería dicir: "Convoca-lo proceso selectivo para contratación de persoal no marco do Plan de inserción laboral e emprego social do Concello de Lugo (PILES 2010) de acordo coas seguintes bases:".

Por todo isto, tendo en conta o disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Bases do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común; en virtude das atribucións conferidas a Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e acordos de dito Órgano de Goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533 de datas 18-10-2004 e do 20-06-2007, respectivamente, RESOLVO:

Primeiro.- Proceder rectifica-lo erro padecido no Decreto 338/2010, do día 9 de abril, do Libro de resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, publicada o día 23 de abril de 2010 no Boletín Oficial da Provincia nº 91, xa que onde di: "Primeiro.- Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de oficial maquinista fontaneiro, de acordo coas seguintes bases:" debería dicir: "Primeiro.- Convoca-lo proceso selectivo para a contratación de persoal no marco do Plan de Inserción Laboral e emprego social do Concello de Lugo (PILES 2010), de acordo coas seguintes bases:"

Segundo.- Confirmar o Decreto número 338/2010, do 9 de abril, do Libro de resolucións en materia de persoal ó servizo da Corporación, no resto dos seus extremos.

Terceiro.- Abrir un novo prazo de presentación de instancias que será de dez días naturais contados a partir do día seguinte á publicación deste Decreto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

As instancias presentadas a partires do día 24 de abril, serán igualmente admitidas sempre que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 338/2010 do día 9 de abril.

Cuarto.- Déase traslado ás dependencias municipais afectadas.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en dereito.

Cúmprase.

R. 02143